

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A CORUÑA)  
CELEBRADO O DÍA 5 DE XULLO DE 2019.**

**ASISTENTES**

**ALCALDE**

José M. Alonso Pumar

**CONCELLEIROS/AS  
GRUPO P.S.deG-PSOE:**

Jonathan I. Miranda Lucas  
M<sup>a</sup> José Fraguela López  
Alberto Iglesias Fraguela  
Ana I. Fachal Fraguela  
Ana B. Gómez Aneiros

**GRUPO PP:**

Ana M<sup>a</sup> López Fernández  
José Luís Pérez Pérez  
M<sup>a</sup> Elisa Rodríguez Cornide

**GRUPO MIXTO:**

X. Uxío Cerecedo González

**AUSENTES:**

Carmen del Río Fraguela

**SECRETARIA:**

Alejandra Pardo Vázquez

**INTERVENTORA:**

Ausente

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día cinco de xullo de dous mil dezanove, reúnen os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde, José Miguel Alonso Pumar. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión extraordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

**ORDE DO DIA:**

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓN DO PLENO CONSTITUTIVO DE 15/06/2019**

**2.- DACIÓN DE CONTA DOS ESCRITOS REMITIDOS POLAS FORMACIÓNS POLÍTICAS PARA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS E DOS SEUS PORTAVOCES.**

**3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, DELEGACIÓNS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DELEGACIÓNS XENÉRICAS E ESPECIALS OUTORGADAS E DELEGACIÓN DE SINATURA A FAVOR DE CONCELLEIROS/AS**

**4º. - PROPOSTAS DA ALCALDÍA:**

4.1.- FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO CORPORATIVO.

4.2.- CREACIÓN, COMPOSICIÓN E PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES

4.3.- FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

4.4.- CREACIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE

4.5.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS ÓRGANOS COLEXIADOS

4.6.- RECOÑECIMENTO DA DEDICACIÓN EXCLUSIVA A MEMBROS DA CORPORACIÓN.

4.7.- INDEMNIZACIÓNS POR CONCORRENCIA ÁS SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

4.8.- ASIGNACIÓN DE DOTACIÓN ECONÓMICA AOS GRUPOS POLÍTICOS E CONCELEIROS/AS

.....  
.....

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓN DO PLENO CONSTITUTIVO DE 15/06/2019**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en diante), o Alcalde pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións á acta da sesión anterior, de 15/06/2019, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

Non efectuándose observacións, a acta è aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión.

**2.- DACIÓN DE CONTA DOS ESCRITOS REMITIDOS POLAS FORMACIÓNS POLÍTICAS PARA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS E DOS SEUS PORTAVOCES.**

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, dase conta ao Pleno corporativo, da constitución, mediante remisión de escritos dirixidos á Alcaldía e subscritos polos seus integrantes, dos seguintes grupos políticos:

-Escrito asinado polos/as concelleiro/as do Partido Popular de constitución do grupo político municipal do Partido Popular (P.P.) nomeando como portavoz á concelleira Ana M<sup>a</sup> López Fernández e como suplente ao concelleiro José Luís Pérez Pérez (de data 21/06/2019, RE nº 1.145).

-Escrito asinado polas/os concelleiras/os do Partido Socialista de Galicia-PSOE de constitución do grupo político municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE (PSga-PSOE) nomeando como portavoz ao concelleiro Jonathan I. Miranda Lucas e como suplente ao concelleiro Alberto Iglesias Fraguela (de data 24/06/2019, RE nº 1.164).

-Escrito asinado polo concelleiro do Bloque Nacionalista Galego de constitución do grupo político mixto (artigo 74.4 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia), nomeando como portavoz ao concelleiro Xosé Uxío Cerecedo González (de data 27/06/2019, RE nº 1.188).

Faise constar que de conformidade co disposto no artigo 74.4 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o membro do Bloque Nacionalista Galego queda integrado no denominado Grupo Mixto, por canto tal partido político non obtivo un mínimo de dous concelleiros para formar Grupo.

**3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, DELEGACIÓNS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DELEGACIÓNS XENÉRICAS E ESPECIALS OUTORGADAS E DELEGACIÓN DE SINATURA A FAVOR DE CONCELLEIROS/AS**

Dáse conta dos decretos da Alcaldía nº 282/2019, 283/2019 e 284/2019, de 27/06/2019, así como do decreto de Alcaldía 286/2019, de 01/07/2019 e que a esta continuación se transcriben ( e que foron publicados no Boletín Oficial da Provincia nº 123, de 02/07/2019 e nº 126, de 05/07/2019, respectivamente):

**DECRETO ALCALDIA 282/2019**

Unha vez celebradas as eleccións locais, o 26/05/2019, convocadas por Real decreto 209/2019, de 1 de abril, e constituído o novo Concello, resulta necesario establecer a nova organización municipal.

Polo tanto, de conformidade co disposto nos artigos 20.1.b), 21.3 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 22 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril), 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia e polos artigos 41.3, 43 e 52 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** A Xunta de Goberno Local do Concello de Cariño, presidida por esta Alcaldía, estará integrada por tres persoas concelleiras, número que non excede do terzo do número legal dos membros da Corporación, e que a continuación se indican:

-Alberto Iglesias Fraguela

-María José Fraguela López

-Jonathan Ismael Miranda Lucas

**SEGUNDO:** A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:

- a) A asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións.
- b) As atribucións que esta Alcaldía ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis, e de forma expresa as seguintes:
  - 1.- A concesión de licenzas de obras maiores, as licenzas de apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco e as licenzas de apertura de establecementos, cuxa normativa específica esixa a concesión de autorización ou licenza.
  - 2.- As contratacións de toda clase, que teñan un importe superior a 60.000 euros, e sempre que non superen o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, nin en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
  - 3.- As concesións sobre os bens da corporación e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos a lexislación patrimonial, cando teñan un importe superior a 60.000 euros, e sempre que non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.
  - 4.- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa aprobación ou concesión.
  - 5.- Aprobar os gastos con contía superior a 60.000 euros, así como aprobar as facturas que correspondan ao desenvolvemento normal do orzamento municipal e que fosen recibidas polo Servizo de Intervención-Tesourería, sempre que a contía individual de cada unha de elas exceda de 60.000 euros.
  - 6.- A aprobación das certificacións de obras, cando a súa contía supere os 60.000 euros.

**SEGUNDO:** As facultades que poderá exercer a Xunta de Goberno Local en relación coas atribucións delegadas no apartado anterior, serán as propias que lle correspondan ao órgano delegante sen que se produza limitación ou condición ningunha para o seu exercicio, agás das que expresamente se reserve esta Alcaldía en Decretos posteriores.

**TERCEIRO:** O réxime xurídico aplicable á presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 e 118 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

**CUARTO:** As delegacións efectuadas no presente decreto enténdense sen prexuízo das que a lexislación lle atribúe ao alcalde como competencias indelegables.

**QUINTO:** Quedan derogados os Decretos da Alcaldía nº 378/2015 e 379/2015, de 16/06/2015 sobre composición e delegacións de atribucións na Xunta de Goberno Local.

**SEXTO:** Todo canto antecede é sen prexuízo das avocacións que, no seu caso, puidera dispoñerse pola Alcaldía, de maneira motivada e mediante resolución formal, de acordo co previsto na Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público; e das facultades de asesoramento e ditame que reserva á Xunta de Goberno Local o artigo 23 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

**SETIMO:** A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva o **próximo día 5 de xullo de 2019 ás 19:30 horas**, de conformidade co disposto no artigo 112.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**OITAVO:** Da presente resolución darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose ademais personalmente os designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente resolución.

#### **DECRETO ALCALDIA 283/2019**

Unha vez celebradas as eleccións locais, o 26 de maio de 2019, convocadas por Real decreto 209/2019, de 1 de abril, e constituído o novo Concello, resulta necesario establecer a nova organización municipal.

Polo tanto, de conformidade co disposto nos artigos 20.1.a) e 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 62 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 46.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro,

#### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Nomear tenentes de alcalde aos/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local que se indican a continuación:

-1º tenente de alcalde: Alberto Iglesias Fraguela.

-2º tenente de alcalde: Mª José Fraguela López

-3º tenente de alcalde: Jonathan Ismael Miranda Lucas

Os/as tenentes de alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír a esta alcaldía na totalidade das súas funcións e pola orde de nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións de alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

**SEGUNDO.** Desta resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente resolución.

#### **DECRETO ALCALDIA 284/2019**

En virtude do disposto nos artigos 114 a 121 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), no artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.3 da Lei 5/1997, do

22 de xullo, de Administración local de Galicia e no artigo 12 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e co obxecto de acadar unha maior operatividade e fluidez no despacho e tramitación dos expedientes administrativos.

Pola Alcaldía-presidencia, en virtude das atribucións que lle veñen conferidas pola vixente lexislación,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Delegar no 1º tenente de alcalde, na 2º tenente de alcalde e no 3º tenente de alcalde, a sinatura dos seguintes documentos:

- a) O visto e praxe de calquera tipo de certificación emitida pola Secretaría municipal.
- b) Os escritos e comunicacións oficiais derivados do exercicio das atribucións que lles foron conferidas por delegación de esta Alcaldía.
- c) A sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a tramitación de un expediente no ámbito da correspondente delegación de atribucións, agás a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

**SEGUNDO:** As anteriores delegacións de sinatura poderán ser avocadas por esta Alcaldía en calquera momento, de conformidade co disposto no artigo 116 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF) e no artigo 12 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**TERCEIRO:** Desta resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados.

**DECRETO ALCALDIA 286/2019**

Unha vez celebradas as eleccións locais, o 26/05/2015, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, e constituído o novo Concello, resulta necesario establecer a nova organización municipal.

Polo tanto, ao abeiro do disposto nos artigos 23.4 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 43 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF)

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Conferir as seguintes delegacións xenéricas, a prol do seguintes membros da Xunta de Goberno Local, nos seguintes termos:

a) Desígnase a Alberto Iglesias Fraguela concelleiro-delegado da Área de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento Local e Turismo que comprende xenéricamente, Obras, Urbanismo, Desenvolvemento Local e Turismo, en particular, as seguintes materias:

- Obras municipais.
- Servizos municipais (iluminación pública, limpeza viaria, xardíns...).
- Urbanismo.
- Emprendemento
- Tecido empresarial
- Turismo.
- Desenvolvemento local.

b) Desígnase a M<sup>a</sup> José Fraguela López concelleira-delegada da Área de Benestar Social, Educación, Igualdade, Mar, Medio Ambiente e Comercio e que comprende xenéricamente, as materias da esfera de Educación, Servizos Sociais, Mar, Medio Ambiente e Comercio, e en particular:

- Servizos Sociais.
- Igualdade.
- Benestar Social.
- Persoas maiores.
- Muller
- Sanidade.
- Políticas medioambientais.
- Comercio
- Venda ambulante
- Mercado
- Mar
- Pesca

c) Desígnase a Jonathan Ismael Miranda Lucas concelleiro-delegado da Área de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia e que comprende xenéricamente, Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia, e en particular, as seguintes:

- Economía



- Facenda
- Cultura
- Patrimonio cultural.
- Deporte
- Asociacións
- Mocidade
- Transparencia
- Participación cidadá.

As delegacións xenéricas conlevan, ademais da inspección, dirección, impulsión e xestión en xeral dos correspondentes servizos, a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a tramitación de un expediente no ámbito da correspondente delegación, agás a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

**SEGUNDO:** Conferir delegacións especiais para determinados servizos, nos seguintes termos:

- a) Désígnase a Carmen del Río Fraguela concelleira-delegada especial de Mocidade e Transparencia, incluíndose, entre outras materias: xuventude, tempo libre, transparencia e participación cidadá.
- b) Désígnase a Ana Isabel Fachal Fraguela concelleira-delegada especial de Desenvolvemento Local e Turismo, incluíndose, entre outras materias: emprendemento, tecido empresarial e turismo.
- c) Désígnase a Ana Belén Gómez Aneiros concelleira-delegada especial de Mar, Medio Ambiente e Comercio, incluíndose, entre outras materias: políticas medioambientais, desenvolvemento sostible, comercio, venda ambulante, mercado, mar e pesca.

As delegacións especiais abranguen a dirección interna e a xestión en xeral dos servizos correspondentes, pero non inclúe a facultade de emitir actos administrativos que afecten a terceiros, nin ningunha outra.

Así mesmo, os/as concelleiros/as que ostenten unha delegación xenérica (de área) terán a facultade de supervisar a actuación das concelleiras con delegacións especiais que se encadren na súa área.

**TERCEIRO:** As delegacións conferidas no presente decreto enténdense sen prexuízo das que a lexislación lle atribúe ao alcalde como competencias indelegables, así como das delegadas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

**CUARTO:** Queda derogado o Decreto Alcaldía 380/2015, de 16/06/2015 na que o alcalde delegou competencias en membros da Xunta de Goberno Local.



**QUINTO:** Delegar de forma indistinta en favor de tódolos concelleiros/as da Corporación municipal o exercicio da competencia para autorizar os matrimonios civís que se celebren neste termo municipal, nos termos da normativa aplicable (artigo 51.1 do Código civil, na redacción dada pola Lei 35/1994, do 23 de decembro).

**SEXTO:** Da presente resolución darase coñecemento ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, notificándose persoalmente aos concelleiros designados segundo dispón o artigo 114.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), e publicárase no Boletín Oficial da Provincia, e mais no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente resolución, conforme se indica no artigo 44 do ROF.

O concelleiro do Grupo Mixto fai constar, en relación coas delegacións, que lles gustaría que houbera unha concellería específica de emprego, xa que se lle carga a Alberto emprendemento e sempre se queixaba na anterior lexislatura que tiña moito traballo coas obras e urbanismo.

O Alcalde aclara que Alberto Iglesias non é concelleiro de emprendemento senón que esas son as áreas para as comisións informativas, pero que emprego e formación que o leva a Alcaldía.

Uxío Cerecedo indica que tampouco non teñen moi claro o tema das delegacións especiais.

O Alcalde explica que as concelleiras con delegacións especiais levan a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non poden ditar actos administrativos que afecten a terceiros.

#### **4º. – PROPOSTAS DA ALCALDÍA:**

##### **4.1.- FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO CORPORATIVO.**

Vista a proposta da Alcaldía de data 08/07/2019, que di:

Tendo en conta que a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece no seu artigo 46.2 a) que “O Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada mes nos Concellos de municipios de máis de 20.000 habitantes e nas Deputacións provinciais; cada dous meses nos Concellos de municipios con poboación entre 5.001 e 20.000 habitantes; e cada tres nos municipios de ata 5.000 habitantes...”.

Considerando que o artigo 78.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece de forma literal que “*son sesións ordinarias aquelas cuxa periodicidade está preestablecida. Dita periodicidade será fixada por acordo do propio Pleno adoptado en sesión extraordinaria, que deberá convocar o Alcalde ou Presidente dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación e non poderá exceder do límite trimestral a que se refire o artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril.*”

Por todo o anteriormente exposto, esta Alcaldía-presidencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, propón ao Pleno Corporativo a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO** : Fixar con unha periodicidade bimensual as sesións plenarias ordinarias, celebrándose as sesións ás 20:00 horas do último venres hábil dos meses impares, isto é, xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro.

**SEGUNDO**: Establecer a posibilidade de anticipo ou demora nunha semana da data de celebración das sesións ordinarias, se por causas debidamente xustificadas derivadas da ausencia da Alcaldía, da natureza dos asuntos a tratar, ou da coincidencia das datas con días festivos así resulte conveniente, e mantendo en todo caso o punto preceptivo de “Rogos e Preguntas” e de control dos órganos corporativos segundo a redacción dada ao apartado e) do artigo 46.2 da Lei 7/1985.

O Alcalde explica que o regulamento permite que se o día do pleno coincide con festivo ou se existe unha causa xustificada derivada da ausencia do Alcalde, que se demore ou anticipe a data nunha semana.

Uxío Cerecedo comenta que lles parece ben que se manteña o pleno na mesma data dos venres, e pide que se anuncie a data dos plenos coa debida antelación para que se entere o público asistente, e non como se fixo na última lexislatura.

O Pleno corporativo por nove votos a favor dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e Partido Popular, e unha abstención do Grupo Mixto

**ACORDA:**

**PRIMEIRO** : Fixar con unha periodicidade bimensual as sesións plenarias ordinarias, celebrándose as sesións ás 20:00 horas do último venres hábil dos meses impares, isto é, xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro.

**SEGUNDO**: Establecer a posibilidade de anticipo ou demora nunha semana da data de celebración das sesións ordinarias, se por causas debidamente xustificadas derivadas da ausencia da Alcaldía, da natureza dos asuntos a tratar, ou da coincidencia das datas con días festivos así resulte conveniente, e mantendo en todo caso o punto preceptivo de “Rogos e Preguntas” e de control dos órganos corporativos segundo a redacción dada ao apartado e) do artigo 46.2 da Lei 7/1985.

**4.2.- CREACIÓN, COMPOSICIÓN E PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.**

Vista a proposta da Alcaldía de data 08/07/2019, que di:

Mediante Decreto da Alcaldía de data 01/07/2019 establecida a nova estrutura da administración municipal, que se organiza sobre a base das concellerías de goberno.

De acordo co artigo 124.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), o número e denominación das Comisións Informativas Permanentes decidírase mediante acordo adoptado polo Pleno a proposta do Alcalde.

Ademais do número e denominación das Comisións Informativas Permanentes, o acordo de creación debe determinar a súa composición. O artigo 66.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG), en relación co artigo 68.5 establece que o número de membros será proporcional á súa representatividade no concello ou igual para cada grupo. No último caso aplicarase o sistema de voto ponderado.

Na súa virtude, elévase ao Pleno a seguinte proposta de

**ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Constituír as seguintes Comisións Informativas Permanentes:

-Comisión Informativa de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento Local e Turismo.

-Comisión Informativa de Benestar Social, Educación, Igualdade, Mar, Medio Ambiente e Comercio.

-Comisión Informativa de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia

-Comisión Especial de Contas.

**SEGUNDO:** Cada Comisión Informativa Permanente ditaminará os asuntos relativos ás competencias atribuídas á Concellería de Goberno homónima, nos casos previstos no artigo 68 da LALG e 123 do ROF.

A Comisión Especial de Contas terá as competencias descritas no artigo 116 da Lei 7/198, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en concordancia co artigo 212 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) e no artigo 67 da LALG.

**TERCEIRO:** O presidente nato de todas as Comisións Informativas é o alcalde, quen poderá delegar a presidencia efectiva nun concelleiro/a da corporación.

**CUARTO:** A composición de cada Comisión Informativa Permanente será de cinco membros cada unha, distribuídos en: tres representantes do grupo municipal socialista, un representante do grupo municipal popular e un representante do grupo mixto.

A adscrición concreta a cada comisión dos membros da corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada Grupo, realizarase mediante escrito do seu portavoz dirixido ao alcalde, do que se dará conta ao Pleno, podendo designar, igualmente, un ou varios suplentes que substitúan aos titulares nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento de calquera dos mesmos.

Os titulares da Comisión Informativa que non asistan á sesión deberán comunicalo aos seus suplentes.

**QUINTO:** As Comisións Informativas Permanentes, a excepción da Comisión Especial de Contas, celebrarán sesión ordinaria cada dous meses, e celebraránse, como mínimo con dous días de antelación á sesión ordinaria plenaria ordinaria na que se vaian a adoptar acordos previamente ditaminados pola

Comisión Informativa Permanente; poderán con todo, celebrar sesións extraordinarias cando o seu presidente o decida ou cando o solicite a cuarta parte, polo menos, do número legal de membros.

A Comisión Especial de Contas terá que reunirse antes do día 1 de xuño de cada ano para emitir o informe preceptivo sobre as contas anuais da Entidade Local.

A periodicidade bimensual poderá ser superior no caso de que no citado espazo de tempo non existan asuntos a tratar por algunha das comisións, extremo que deberá ser decidido polo Alcalde-presidente ou o presidente/a da comisión de que se trate.

As sesións celebraránse en primeira convocatoria no día e hora que previamente se determine, e en segunda, unha hora máis tarde.

**SEXTO:** Comunicar este acordo aos diferentes grupos políticos municipais, facéndolles saber que deberán designar os seus representantes en cada comisión, mediante escrito do portavoz dirixido ao alcalde do concello, nun prazo de cinco días a contar desde a adopción deste acordo, quedando facultado o señor alcalde para, mediante Decreto proceder ao seu nomeamento, dando conta do mesmo na próxima sesión plenaria.

O Alcalde explica que cada dúas concellerías que se crea unha comisión informativa co obxecto de que non se constituán moitas comisións.

Ana M<sup>a</sup> López solicita facer as comisións a partir das 13:00 horas polos/as concelleiros/as que traballan, xa que lles parte a xornada.

Uxío Cerecedo di que el entón tamén traballa e soamente estaría libre a partir das 16:00 horas.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros

**ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Constituír as seguintes Comisións Informativas Permanentes:

-Comisión Informativa de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento Local e Turismo.

-Comisión Informativa de Benestar Social, Educación, Igualdade, Mar, Medio Ambiente e Comercio.

-Comisión Informativa de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia

-Comisión Especial de Contas.

**SEGUNDO:** Cada Comisión Informativa Permanente ditaminará os asuntos relativos ás competencias atribuídas á Concellería de Goberno homónima, nos casos previstos no artigo 68 da LALG e 123 do ROF.

A Comisión Especial de Contas terá as competencias descritas no artigo 116 da Lei 7/198, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en concordancia co artigo 212 do Real decreto

lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) e no artigo 67 da LALG.

**TERCEIRO:** O presidente nato de todas as Comisións Informativas é o alcalde, quen poderá delegar a presidencia efectiva nun concelleiro/a da corporación.

**CUARTO:** A composición de cada Comisión Informativa Permanente será de cinco membros cada unha, distribuídos en: tres representantes do grupo municipal socialista, un representante do grupo municipal popular e un representante do grupo mixto.

A adscrición concreta a cada comisión dos membros da corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada Grupo, realizarase mediante escrito do seu portavoz dirixido ao alcalde, do que se dará conta ao Pleno, podendo designar, igualmente, un ou varios suplentes que substitúan aos titulares nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento de calquera dos mesmos.

Os titulares da Comisión Informativa que non asistan á sesión deberán comunicalo aos seus suplentes.

**QUINTO:** As Comisións Informativas Permanentes, a excepción da Comisión Especial de Contas, celebrarán sesión ordinaria cada dous meses, e celebraránse, como mínimo con dous días de antelación á sesión ordinaria plenaria ordinaria na que se vaian a adoptar acordos previamente ditaminados pola Comisión Informativa Permanente; poderán con todo, celebrar sesións extraordinarias cando o seu presidente o decida ou cando o solicite a cuarta parte, polo menos, do número legal de membros.

A Comisión Especial de Contas terá que reunirse antes do día 1 de xuño de cada ano para emitir o informe preceptivo sobre as contas anuais da Entidade Local.

A periodicidade bimensual poderá ser superior no caso de que no citado espazo de tempo non existan asuntos a tratar por algunha das comisións, extremo que deberá ser decidido polo Alcalde-presidente ou o presidente/a da comisión de que se trate.

As sesións celebraránse en primeira convocatoria no día e hora que previamente se determine, e en segunda, unha hora máis tarde.

**SEXTO:** Comunicar este acordo aos diferentes grupos políticos municipais, facéndolles saber que deberán designar os seus representantes en cada comisión, mediante escrito do portavoz dirixido ao alcalde do concello, nun prazo de cinco días a contar desde a adopción deste acordo, quedando facultado o señor alcalde para, mediante Decreto proceder ao seu nomeamento, dando conta do mesmo na próxima sesión plenaria.

### **4.3.- FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Vista a proposta da Alcaldía de data 08/07/2019, que di:

Visto o disposto no artigo 211 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG); e nos artigos 112.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das

entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro (Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de la Entidades Locales.

Esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte proposta de

**ACORDO:**

**PUNTO ÚNICO:** Que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Cariño, se celebren con unha periodicidade quincenal os primeiros e terceiros martes de mes, ás 08:00 horas, na Casa Consistorial. Se un martes cadrase inhábil, a sesión celebrarase ao día hábil seguinte á mesma hora.

O Pleno corporativo por seis votos a favor do grupo municipal do PSdeG-PSOE e catro abstencións do grupo municipal do PP e Grupo Mixto,

**ACORDA:**

**PUNTO ÚNICO:** Que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Cariño, se celebren con unha periodicidade quincenal os primeiros e terceiros martes de mes, ás 08:00 horas, na Casa Consistorial. Se un martes cadrase inhábil, a sesión celebrarase ao día hábil seguinte á mesma hora.

**4.4.- CREACIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE**

Vista a proposta da Alcaldía de data 27/06/2019, que di:

Vistas as competencias que ten o Concello en materia de contratación administrativa, de conformidade coa Disposición Adicional 2º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Segundo establece o artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, nos procedementos abertos, aberto simplificado, restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación, os órganos de contratación das Administracións públicas estarán asistidos por una mesa de contratación.

Segundo o artigo 21.4 do real decreto 817/2009, de desenvolvemento parcial do TRLCSP, a designación dos membros da mesa de contratación poderá facerse de modo permanente ou de modo específico para a adxudicación de cada contrato. A súa composición publicaráse no perfil do contratante do órgano de contratación correspondente con unha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrar para a calificación da documentación. Se a mesa tivera carácter permanente ou se lle atribuisen funcións para unha pluralidade de contratos a súa composición deberá publicarse ademais no Boletín Oficial do Estado, no da CCAA ou no da provincia respectiva.

De conformidade coa Disposición Adicional 2ª a Mesa de Contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte de ela, como vogais, o Secretario ou no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal



laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de Contratación non poderán supoñer máis de un terzo do total de membros da mesma. Actuará como secretario un funcionario da Corporación.

En base ao anterior, elevo ao Pleno corporativo a seguinte proposta de

**ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Constituír unha Mesa de Contratación Permanente para os contratos que requiran da súa constitución.

**SEGUNDO:** Establecer a composición da Mesa de Contratación Permanente do seguinte modo:

**Presidente:** Alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue.

**Vogais:**

-Interventor/a municipal

-Secretario/a municipal

-Un ou dous técnicos municipais, segundo a materia obxecto de contratación.

**Secretario/a:** funcionario/a do Concello

**TERCEIRO:** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia , en cumprimento do establecido no artigo 21.4 do real decreto 817/2009, de desenvolvemento parcial do TRLCSP.

O Alcalde explica que dende a entrada en vigor da nova Lei de Contratos do Sector Público soamente se permiten que formen parte das mesas de contratación os membros políticos da Corporación pero nunha porcentaxe que non supere o terzo do número de membros da mesa, tratándose de unha cuestión máis transparente á percepción das empresas e de calquera licitador.

Uxío Cerecedo comenta que sería interesante que formaran parte da mesa os representantes dos partidos políticos da oposición.

O Alcalde comenta que non hai ningún problema, o único que hai que asistir ás convocatorias que se fagan a calquera hora, e que nomeen nese momento os membros que formarán parte da mesa.

Como non existe acordo, por unanimidade dos membros presentes, déixase a proposta sobre a mesa, de cara ao seguinte Pleno.

**4.5.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS ÓRGANOS COLEXIADOS**



Vista a proposta da Alcaldía de data 08/07/2019, que di:

De conformidade co disposto no artigo 38.3 do ROF, esta Alcaldía Presidencia, en relación co nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados competencia do Pleno, propón ao Pleno a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Nomear representantes do Concello de Cariño no **Consello Escolar do C.E.I.P. de Cariño**, aos seguintes concelleiros:

-Titular: M<sup>a</sup> José Fraguela López

-Suplente : Jonathan I. Miranda Lucas

**SEGUNDO:** Nomear representantes do Concello de Cariño no **Consello Escolar do Instituto de Ensino Medio de Cariño**, aos seguintes concelleiros:

-Titular: Jonathan Ismael Miranda Lucas

-Suplente : M<sup>a</sup> José Fraguela López

**TERCEIRO:** : Nomear representantes do Concello de Cariño en **Seitura 22**, aos seguintes concelleiros:

-Titular: José Miguel Alonso Pumar

-Suplente : Alberto Iglesias Fraguela

**CUARTO:** : Nomear representantes do Concello de Cariño no **Grupo de Acción Costeira (GAC)**, aos seguintes concelleiros:

-Titular: José Miguel Alonso Pumar

-Suplente : Ana Belén Gómez Aneiros

**QUINTO:** Nomear representantes do Concello de Cariño na **Xunta Local de Seguridade** aos seguintes concelleiros:

-Titular: José Miguel Alonso Pumar

-Suplente : Alberto Iglesias Fraguela

**SEXTO:** : Nomear representantes do Concello de Cariño na **Mesa de Negociación** aos seguintes concelleiros:

-Titular: José Miguel Alonso Pumar

-Suplente : Jonathan I. Miranda Lucas.

- Representante do Grupo Mixto: Uxio Cerecedo González.

-Un representante do Partido Popular e un suplente.

**SÉTIMO:** Nomear representantes do Concello de Cariño na **Mesa Local de Comercio** aos seguintes concelleiros/as:

-Presidente: José Miguel Alonso Pumar

-Suplente: Alberto Iglesias Fraguela

-Vogal: Jonathan I. Miranda Lucas.

-Suplente: Ana Belén Gómez Aneiros.

**OITAVO:** Nomear representantes do Concello de Cariño na **Asociación Xeoparque Cabo Ortegal** aos seguintes concelleiros/as:

-Presidente: José Miguel Alonso Pumar

-Suplente: Alberto Iglesias Fraguela

-Vogal: Jonathan I. Miranda Lucas.

-Suplente: M<sup>a</sup> José Fraguela López

O Alcalde explica que hai unha errata no punto 7, na representación da Mesa Local de Comercio, xa que a primeira vogal sería Ana Belén Gómez Aneiros e como suplente Jonathan I. Miranda Lucas.

Por outra parte, a portavoz do PP indica que a representante titular na Mesa de Negociación sería ela mesma e como suplente Elisa Rodríguez Cornide.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros

**ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Nomear representantes do Concello de Cariño no **Consello Escolar do C.E.I.P. de Cariño**, aos seguintes concelleiros:

-Titular: M<sup>a</sup> José Fraguela López

-Suplente : Jonathan I. Miranda Lucas

**SEGUNDO:** Nomear representantes do Concello de Cariño no **Consello Escolar do Instituto de Ensino Medio de Cariño**, aos seguintes concelleiros:

-Titular: Jonathan Ismael Miranda Lucas

-Suplente : M<sup>a</sup> José Fraguela López

**TERCEIRO:** : Nomear representantes do Concello de Cariño en **Seitura 22**, aos seguintes concelleiros:

-Titular: José Miguel Alonso Pumar

-Suplente : Alberto Iglesias Fraguela

**CUARTO:** : Nomear representantes do Concello de Cariño no **Grupo de Acción Costeira (GAC)**, aos seguintes concelleiros:

-Titular: José Miguel Alonso Pumar

-Suplente : Ana Belén Gómez Aneiros

**QUINTO:** Nomear representantes do Concello de Cariño na **Xunta Local de Seguridade** aos seguintes concelleiros:

-Titular: José Miguel Alonso Pumar

-Suplente : Alberto Iglesias Fraguela

**SEXTO:** : Nomear representantes do Concello de Cariño na **Mesa de Negociación** aos seguintes concelleiros:

-Titular: José Miguel Alonso Pumar

-Suplente : Jonathan I. Miranda Lucas.

- Representante do Grupo Mixto: Uxio Cerecedo González.

-Un representante do Partido Popular e un suplente: titular: Ana M<sup>a</sup> López Fernández; suplente: María Elisa Rodríguez Cornide.

**SÉTIMO:** Nomear representantes do Concello de Cariño na **Mesa Local de Comercio** aos seguintes concelleiros/as:

-Presidente: José Miguel Alonso Pumar

-Suplente: Alberto Iglesias Fraguela

-Vogal: Ana Belén Gómez Aneiros

-Suplente: Jonathan I. Miranda Lucas.

**OITAVO:** Nomear representantes do Concello de Cariño na **Asociación Xeoparque Cabo Ortegal** aos seguintes concelleiros/as:

-Presidente: José Miguel Alonso Pumar

-Suplente: Alberto Iglesias Fraguela

-Vogal: Jonathan I. Miranda Lucas.

-Suplente: M<sup>a</sup> José Fraguela López

#### 4.6.- RECOÑECIMENTO DA DEDICACIÓN EXCLUSIVA A MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Vista a proposta da Alcaldía de data 08/07/2019, que di:

Celebradas as eleccións locais o pasado 26 de maio de 2019, convocadas por Real decreto 209/2019, de 1 de abril, e constituída a nova Corporación municipal con data 15 de xuño de 2019, resulta indispensable proceder ao establecemento do réxime de dedicación dos membros políticos desta Corporación, especialmente tendo en conta as delegacións efectuadas por esta Alcaldía.

Considerando que de conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en concordancia co artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, os membros das Corporacións locais teñen dereito a percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desempeñen en réxime de dedicación exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda.

Os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, en cuxo caso serán igualmente dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda.

O artigo 13.4 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, establece que o Pleno Corporativo, a proposta do presidente, determinará dentro da consignación global contida a tal fin no orzamento, a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva e, polo tanto, con dereito a retribución, así como as contías que correspondan a cada un de eles en atención ao seu grao de responsabilidade.

Considerando o disposto no informe conxunto de Secretaría-Intervención obrante no expediente, esta Alcaldía eleva ao Pleno corporativo a seguinte proposta de

#### **ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Establecer que o **Alcalde-Presidente** desta Corporación, exercerá o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva.

**SEGUNDO:** Establecer que o **concelleiro-delegado da Área de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento Local e Turismo e o concelleiro-delegado da Área de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia**, exercerán os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva.

**TERCEIRO:** Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades extras de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social ou no seu caso no réxime correspondente. **Ditas cantidades fixadas en concepto de dedicacións exclusivas, actualizaráanse anualmente conforme á Lei de Orzamentos Xerais do Estado, nos incrementos**

previstos para os empregados públicos, co límite máximo das cantidades brutas establecidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para as dedicacións nos municipios de entre 3001 e 10.000 habitantes (artigo 75 Ter. 1 d) LBRL)

CARGO	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS
Alcalde-Presidente (dedicación exclusiva)	39.950 €
concelleiro-delegado da Área de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento Local e Turismo (dedicación exclusiva)	19.950 €
Concelleiro-delegado da Área de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia (dedicación exclusiva)	19.950 €

A percepción destas retribucións será incompatible coa de outras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenvolvemento de outras actividades, nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas.

**TERCEIRO:** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Uxío Cerecedo comenta que os salarios que están moi ben, indicando que os cartos que ten que aportar o Concello que son brutos, 39.950 euros para o Alcalde e 19.950 euros para cada concelleiro, que se trata de soldos que non chegan ao límite legal e que resulta curioso que se poña 39.950 € e 19.950 €, o que suman case 80.000 euros anuais nes tres salarios.

Engade que na anterior lexislatura que non eran grandes soldos porque a situación económica era máis grave, pero que lles parece excesivo o incremento no caso do Alcalde, e que en xeral, lles parece bastante subida. Pide que, xa que van a cobrar bastante, que fagan o seu traballo o mellor que poidan, solicitando, ao mesmo tempo, que se faga pública a axenda da Alcaldía, para saber un pouco o que se fai no Concello.

Ana M<sup>a</sup> López di que ela vai na liña de Uxío, que non van a discutir os soldos, que se poñen o máximo legal, e piden que, xa que se cobran estes salarios, que se apliquen os concelleiros e o Alcalde en facer cousas que sexan importantes para Cariño, como o tema do polígono industrial, o centro de día, a relación de postos de traballo...cousas que son moi necesarias para o municipio.

Jonathan I. comenta que non hai problema en publicar a axenda da Alcaldía pero que é público e notorio que o traballo do Alcalde e concelleiros foi 24 horas os 7 días da semana, e que van na liña de traballar no que di Ana, xa que o programa deles está ahí e foi apoiado polos cidadáns.

Toma a palabra o Alcalde, explica que a proposta de soldo non vai ao máximo legal, xa que éste é de 41.416,06 euros. Agradece o recoñecemento de dicir que a situación económica é mellor, e dille á voceira do Partido Popular que hai que traballar nas cuestión que ela comenta, xa que son importantes para Cariño.

O Pleno corporativo por seis votos a favor do grupo municipal do PSdeG-PSOE , tres abstencións do grupo municipal do PP e un voto en contra do Grupo Mixto,

**ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Establecer que o **Alcalde-Presidente** desta Corporación, exercerá o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva.

**SEGUNDO:** Establecer que o **concelleiro-delegado da Área de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento Local e Turismo e o concelleiro-delegado da Área de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia,** exercerán os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva.

**TERCEIRO:** Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades extras de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social ou no seu caso no réxime correspondente. **Ditas cantidades fixadas en concepto de dedicacións exclusivas, actualizaránse anualmente conforme á Lei de Orzamentos Xerais do Estado, nos incrementos previstos para os empregados públicos, co límite máximo das cantidades brutas establecidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para as dedicacións nos municipios de entre 3001 e 10.000 habitantes (artigo 75 Ter. 1 d) LBRL)**

CARGO	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS
Alcalde-Presidente (dedicación exclusiva)	39.950 €
concelleiro-delegado da Área de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento Local e Turismo (dedicación exclusiva)	19.950 €
Concelleiro-delegado da Área de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia (dedicación exclusiva)	19.950 €

A percepción destas retribucións será incompatible coa de outras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenvolvemento de outras actividades, nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas.

**TERCEIRO:** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**4.7.- INDEMNIZACIÓNS POR CONCORRENCIA ÁS SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS**

Vista a proposta da Alcaldía de data 08/07/2019, que di: O artigo 75.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en concordancia co 13.6 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das



entidades locais, establece que só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno da mesma.

En base ao anterior esta Alcaldía eleva ao Pleno corporativo a seguinte proposta de **ACORDO**:

**PRIMEIRO:** Fixar para os membros da Corporación como asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, as seguintes:

- Sesións do Pleno Corporativo: 60 euros
- Sesións da Xunta de Goberno local: 90 euros
- Sesións das Comisións Informativas: 60 euros (presidencia) e 30 euros (resto de concelleiros/as).

**SEGUNDO:** Determinar que se o mesmo/a concelleiro/a asiste a varias comisións informativas no mesmo día, soamente se lle aboará pola concorrencia efectiva a unha das mesmas.

**TERCEIRO:** Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente acordo nos termos e extensión previstos no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O Alcalde le a proposta e explica que nin el nin os dous concelleiros con dedicación que van a cobrar pola asistencia ás sesións dos órganos colexiados.

Uxío Cerecedo di que non é que o Alcalde renuncie a cobrar as asistencias, que é porque a Lei así o establece; que por outro lado, supoñen que son máis traballosas as sesións das xuntas de goberno que as dos plenos, e que por iso, lles parece excesivo, a contía das asistencias aos plenos e comisións informativas. Que el cre, que persoalmente, está excesivamente pagado, e que considera que ningún/ha dos/as concelleiros/as que están alí vaian por cobrar.

Ana M<sup>a</sup> López comenta que tamén cre que o importe das asistencias é excesivo, que os anos anteriores cobraban menos e que ían igual, e que cren no que están a facer.

Jonathan I. Miranda explica que a proposta era a que se presentou na anterior lexislatura, e pon exemplos das asistencias que se cobran nos concellos da comarca, para indicar que Carriño está na media ou incluso, por debaixo de moitos Concellos.

Uxío Cerecedo pide que se baixe a asistencia aos Plenos.

Jonathan I. Miranda di que se trata dun cargo e dunha responsabilidade que hai que asumir, e que os plenos se preparan xa que se trata de unha obriga de todos/as os/as concelleiros/as ler a documentación.

O Pleno corporativo por seis votos a favor do grupo municipal do PSdeG-PSOE , tres abstencións do grupo municipal do PP e un voto en contra do Grupo Mixto,

**ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Fixar para os membros da Corporación como asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, as seguintes:



-Sesións do Pleno Corporativo: 60 euros

-Sesións da Xunta de Goberno local: 90 euros

-Sesións das Comisións Informativas: 60 euros (presidencia) e 30 euros (resto de concelleiros/as).

**SEGUNDO:** Determinar que se o mesmo/a concelleiro/a asiste a varias comisións informativas no mesmo día, soamente se lle aboará pola concorrencia efectiva a unha das mesmas.

**TERCEIRO:** Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente acordo nos termos e extensión previstos no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

#### **4.8.- ASIGNACIÓN DE DOTACIÓN ECONÓMICA AOS GRUPOS POLÍTICOS E CONCELLEIROS/AS**

Vista a proposta da Alcaldía de data 08/07/2019, que di:

Visto o disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que establece que a efectos da súa actuación corporativa, os membros das corporacións locais constituiráanse en grupos políticos, na forma e cos dereitos e obrigas que se establezan con excepción de aqueles que non se integren no grupo político que constituía a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen o seu grupo de procedencia, que terán a consideración de membros non adscritos.

O Pleno da Corporación, con cargos aos Orzamentos anuais da mesma, poderán asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar con un compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un de eles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado e sen que poida destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

En base ao anteriormente exposto, esta Alcaldía eleva ao Pleno corporativo a seguinte proposta de **ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Asignar a cada grupo político da Corporación municipal do Concello de Cariño unha dotación económica mensual de 50 euros, e a cada concelleiro/a unha asignación mensual de 20 euros, correspondéndose con unha dotación total anual de 4.440 euros.

**SEGUNDO:** Con data 1 de xaneiro de 2016 entrou en vigor a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contemplaba na Lei 15/2014 de racionalización do sector público, poñéndose en marcha o Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións. Así, de acordo cos criterios establecidos pola Intervención Xeral da Administración do Estado do Ministerio de Facenda e Función Pública sobre a aportación saos grupos políticos, determínase que, a partir da entrada en vigor da reforma da Lei de financiación de partidos políticos , a Lei Xeral de Subvencións opera con carácter supletorio, de modo que lles é de aplicación o réxime de subministro de información á BDNS. Neste sentido tales asignacións ou aportacións teñen carácter finalista, en canto que se destinarán a financiar os gastos acometidos polo propio grupo político no exercizo da súa actuación corporativa. De acordo con estas consideracións e en aras de unha maior transparencia e seguridade xurídica, os fondos percibidos quedarán xustificadas da seguinte maneira:

**a) Destino dos fondos:** Considéranse actividades que conlevan a realización de gastos propios do funcionamento dos grupos políticos, as seguintes:

-Subministros de bens non inventariables, consumibles, telefonía, mantemento do servizo informático propio, da web do grupo político que contrate o mesmo.

-Contratos de aluguer, a nome do grupo, de locais necesarios para o exercicio das súas funcións.

-Comisións bancarias de xestión e mantemento da conta corrente aberta ao seu nome.

**b) Xustificación:**

-A xustificación farase en todo caso, mediante a presentación de unha conta xustificativa composta polas facturas debidamente conformadas e demais documentos acreditativos dos gastos, e as facturas deberán ser emitidas a nome do grupo municipal.

-A xustificación realizarase mediante a presentación dos documentos orixinais que xustifiquen as actividades realizadas, que consistirá na emisión de factura por parte do que subministra o produto ou servizo contratado. Dita factura constará dos datos fiscais (nº identificación fiscal ou CIF da empresa, dirección, nº factura, conceptos, IVE desglosado ou en caso contrario se faga constar a exención).

-Soamente se poderán contratar servizos ou subministros por parte dos grupos municipais con aquelas entidades ou persoas físicas ou xurídicas que teñan o NIF/CIF correspondente.

-As contas xustificativas presentadas polos grupos políticos serán aprobadas polo órgano competente, previa fiscalización pola Intervención municipal.

-A xustificación da asignación contemplada no orzamento deberá realizarse antes do 30 de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda, admitíndose gastos realizados e facturados correspondentes ao exercicio orzamentario correspondente. No seu caso, unha vez fiscalizados os xustificantes, darase un prazo de subsanación de dez días.

-A xustificación do pago realizarase mediante copias de transferencias bancarias ou cheques con extracto bancario de que foron cobrados.

-Non poderá liberarse un novo pago por asignación correspondente a un exercicio, se non se presentaron as xustificacións do exercicio anterior. Asemade cada exercicio deberá acreditarse o cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

**c) Pago e reintegro:**

-O abono da dotación económica a cada grupo realizarase de acordo co Plan de Tesourería municipal.

-As cantidades non xustificadas ou indebidamente xustificadas, deberán ser reintegradas ao Concello. Non se poderá librar ningunha nova asignaciónsen ter xustificada a anterior.

**d) Reintegro:**

As contas xustificativas publicaranse no portal de transparencia municipal de acordo cos criterios establecidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**TERCEIRO:** Dar conta do presente acordo á Intervención municipal aos efectos oportunos.

Uxío Cerecedo comenta que se trata dunha novidade xa que nos últimos oito anos que estes cartos non se daban, o que supón 4.440 euros anuais que o Concello terá que pagar aos partidos políticos. Di que, eles, que son o partido máis pobre con diferenza, que non queren eses cartos e que agradecerían máis un pequeno local habilitado no edificio do Concello ou no Concello vello para a atención dos veciños.

O Alcalde comenta que se habilitou un local no Concello vello na lexislatura anterior para uso dos partidos.

Uxío Cerecedo di que sería mellor un local para cada grupo político, ao que o Alcalde resposta que iso é complicado.

Ana M<sup>a</sup> López di que durante os catro anos anteriores que non recibiron nada, e que agora non entende porque hai que poñer eses cartos, que se poderían investir noutras cousas.

Jonathan I. Miranda comenta que eles non manexan millóns, e que os gastos electorais que tampouco entrarían, que serían para asumir gastos xerais, por exemplo, de actividades.

O Alcalde explica que nas pasadas eleccións o único grupo dos presentes que non lle pagou a unha empresa por calocar os carteis electorais que foi o PSOE.

Uxío Cerecedo di que iso non é certo, que os carteis do BNG que os puxo el mesmo e os seus compañeiros, e que se veu unha empresa que foi contratada por alguén que non coñecen, e que o descoñece.

O Alcalde comenta que viu a unha empresa na curva de Feás pegando un cartel do BNG, ao que Uxío Cerecedo resposta que o descoñece.

O Pleno corporativo por seis votos a favor do grupo municipal do PSdeG-PSOE , tres votos en contra do grupo municipal do PP e un voto en contra do Grupo Mixto,

**ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Asignar a cada grupo político da Corporación municipal do Concello de Cariño unha dotación económica mensual de 50 euros, e a cada concelleiro/a unha asignación mensual de 20 euros, correspondéndose con unha dotación total anual de 4.440 euros.

**SEGUNDO:** Con data 1 de xaneiro de 2016 entrou en vigor a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contemplaba na Lei 15/2014 de racionalización do sector público, poñéndose en marcha o Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións. Así, de acordo cos criterios establecidos pola Intervención Xeral da Administración do Estado do Ministerio de Facenda e Función Pública sobre as aportación saos grupos políticos, determínase que, a partir da entrada en vigor da reforma da Lei de financiación de partidos políticos , a Lei Xeral de Subvencións opera con carácter supletorio, de modo que lles é de aplicación o réxime de subministro de información á BDNS. Neste sentido tales asignacións ou aportacións teñen carácter finalista, en canto que se destinarán a financiar os gastos acometidos polo propio grupo político no exercizo da súa actuación corporativa. De acordo con estas consideracións e en aras de unha maior transparencia e seguridade xurídica, os fondos percibidos quedarán xustificados da seguinte maneira:

**a)Destino dos fondos:** Consideranse actividades que conlevan a realización de gastos propios do funcionamento dos grupos políticos, as seguintes:

-Subministrados de bens non inventariables, consumibles, telefonía, mantemento do servizo informático propio, da web do grupo político que contrate o mesmo.

-Contratos de aluguer, a nome do grupo, de locais necesarios para o exercicio das súas funcións.

-Comisións bancarias de xestión e mantemento da conta corrente aberta ao seu nome.

**b) Xustificación:**

-A xustificación farase en todo caso, mediante a presentación de unha conta xustificativa composta polas facturas debidamente conformadas e demais documentos acreditativos dos gastos, e as facturas deberán ser emitidas a nome do grupo municipal.

-A xustificación realizarase mediante a presentación dos documentos orixinais que xustifiquen as actividades realizadas, que consistirá na emisión de factura por parte do que subministra o produto ou servizo contratado. Dita factura constará dos datos fiscais (nº identificación fiscal ou CIF da empresa, dirección, nº factura, conceptos, IVE desglosado ou en caso contrario se faga constar a exención).

-Soamente se poderán contratar servizos ou subministrados por parte dos grupos municipais con aquelas entidades ou persoas físicas ou xurídicas que teñan o NIF/CIF correspondente.

-As contas xustificativas presentadas polos grupos políticos serán aprobadas polo órgano competente, previa fiscalización pola Intervención municipal.

-A xustificación da asignación contemplada no orzamento deberá realizarse antes do 30 de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda, admitíndose gastos realizados e facturados correspondentes ao exercicio orzamentario correspondente. No seu caso, unha vez fiscalizados os xustificantes, darase un prazo de subsanación de dez días.

-A xustificación do pago realizarase mediante copias de transferencias bancarias ou cheques con extracto bancario de que foron cobrados.

-Non poderá liberarse un novo pago por asignación correspondente a un exercicio, se non se presentaron as xustificacións do exercicio anterior. Asemade cada exercicio deberá acreditarse o cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

**c) Pago e reintegro:**

-O abono da dotación económica a cada grupo realizarase de acordo co Plan de Tesourería municipal.

-As cantidades non xustificadas ou indebidamente xustificadas, deberán ser reintegradas ao Concello. Non se poderá librar ningunha nova asignación sen ter xustificada a anterior.

**d) Reintegro:**

As contas xustificativas publicaranse no portal de transparencia municipal de acordo cos criterios establecidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



**TERCEIRO:** Dar conta do presente acordo á Intervención municipal aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte horas e corenta e seis minutos.

O Alcalde  
Asdo:- José M. Alonso Pumar

A Secretaria  
Asdo.- Alejandra Pardo Vázquez